

## **BASES DO PROGRAMA CONCILIA VERÁN CORTEGADA 2025**

### **1. Obxecto.**

O Programa Concilia Verán Cortegada 2025, é unha iniciativa de atención á infancia que ofrece aos pais e nais a posibilidade de que os seus fillos e fillas nas datas de vacacións de verán, poidan optar a esta proposta que se pon en marcha dende o concello de Cortegada para facilitar a conciliación entre a vida laboral e os coidados dos menores.

Está financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade e polo Ministerio de Igualdade a través da Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

Os obxectivos do programa son:

- Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- Fomentar valores positivos e educativos para un desenvolvemento adecuado socialmente
- Ampliar o círculo social das crianzas descubriendo novas actividades
- Reflexionar sobre as desigualdades de xénero dunha forma lúdica
- Aprender de maneira lúdica e participativa sobre as cuestións sociais e as principais problemáticas actuais
- Fomentar un pensamento crítico e resolutivo fronte a conflitos e problemáticas
- Promover un correcto desenvolvemento motriz, creativo, participativo, emocional e persoal

### **2. Persoas beneficiarias.**

Poderán ser beneficiarias deste servizo aquelas persoas que teñan fillos/as nados entre os anos 2009 e 2021.

### **3. Desenvolvemento das actividades,**

A actividade desenvolverase co seguinte cronograma, en dúas quendas:

**QUENDA 1. XUÑO E XULLO:** do 24 de xuño ao 31 de xullo.

**QUENDA 2. AGOSTO E SETEMBRO:** do 1 de agosto ao 5 de setembro.

Nas solicitudes poderase escoller unha quenda ou as dúas.



### Horario:

- De 09:00 a 10.00 horas. Plan Madruga Verán.
- De 10:00 a 14:00 horas. Campamento de Verán.

As actividades Terán lugar de luns a venres, excepto festivos. A maiores tamén se realizarán os festivos locais, 11 e 24 de xullo; así como dous sábados, de cuxas datas se informará aos interesados.

Os solicitantes deben sinalar que desexan asistir ao Campamento de verán unicamente ou, tamén ao Plan Madruga Verán.

O funcionamento do Plan Madruga Verán será igual que o que se ven desenvolvendo durante o curso escolar:

a) Servizo de acollida e vixilancia dos participantes. As actividades que se leven a cabo relacionaranse con áreas lúdicas e socioculturais non indispensables para a consecución de obxectivos curriculares e facilitarán o desenvolvemento persoal e social dos nenos e das nenas. Os nenos e nenas realizarán diferentes actividades segundo a idade e os intereses: actividades de carácter lúdico-didáctico, animación lectora, traballo persoal... Ademais, fomentaranse os valores do respecto e a colaboración.

b) -A atención comprenderá o servizo de cociña, entendendo por éste o quentamento de alimentos. Serán aportados polas familias tanto o leite como os alimentos xa cociñados.

Lugar: a recepción e recollida de participantes realizase no Pabillón Marta Míguez de Cortegada.

As actividades realizaranse nas seguintes instalacións: Pavillón de deportes, recinto colexio CEIP Otero Novas, pista multideporte CEIP Otero Novas, Local Multiusos, parque público, Concello de Cortegada, Piscina municipal, outras zonas exteriores.

#### **4. Presentación de solicitudes e documentación necesaria.**

- A solicitude presentarse no formulario normalizado que figura como ficha de inscrición/solicitude do Programa Concilia Verán 2025, e que estará dispoñible nas dependencias do Concello e na sede electrónica. Deberá estar asinado por pai, nai, ou titor/a legal. A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.
- De ser o caso, débese presentar informe médico do neno/a onde se reflexen as alerxias ou outros.
- De ser o caso, certificado de discapacidade do neno ou nena
- No caso de solicitar o desconto por tratarse dunha unidade familiar con ingresos inferiores ao SMI, deberá presentarse a declaración da renda do exercicio 2024 , ou



no caso de non estar obrigado a presentala, certificación da AEAT que acredite este feito ademais dos datos fiscais que consten en la AEAT na que se poidan observar os ingresos anuais da unidade familiar durante o 2024.

Para calcular os ingresos terase en conta a renda mensual referida ao SMI vixente, entendendo por tal o resultado de dividir a suma dos ingresos anuais totais da unidade familiar entre 12 meses e o seu resultado entre os membros que a compoñen.

Para os efectos da presente regulación, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro. Para as persoas non obrigadas a declarar, que consten na/s correspondente/s declaración/s do IRPF do último exercicio.

Nos casos nos que non exista obriga de presentar a declaración do IRPF, tomaranse os datos reflectidos no certificado de renda emitido pola AEAT, sendo a renda anual da unidade familiar a suma dos rendementos íntegros do traballo + rendementos de capital inmobiliario + ganancias patrimoniais sometidas a retención – gastos deducibles de rendementos de traballo.

Para as familias con fillos/as con discapacidade superior ao 33% estes computaranse por 1,5.

Non terá condición de membro computable o agresor nos casos de violencia de xénero.

### **Consideración de unidade familiar:**

Considéranse membros da unidade familiar os que figuren empadroados no mesmo domicilio que os e as crianzas e garden con el/a as seguintes relacións de parentesco:

- o Pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do ou da menor.
- o Irmáns ou irmás da crianza maiores de idade.
- o No caso de separación, divorcio ou situación análoga, terá a consideración de membro computable da unidade familiar unicamente o proxenitor que figure empadreado no mesmo domicilio. Será este polo tanto o que deba realizar a solicitude.
- o Terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai sempre que figure empadreado no mesmo domicilio.
- o Terán consideración de irmáns ou irmás da crianzas aqueles aportados á unidade familiar polo outro membro da parella, sempre que figuren empadroados no domicilio.
- o Considérase o domicilio familiar das crianzas beneficiarias aquel que figure no padrón de habitantes



- Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude, para os que participan por primeira vez nas acción de Conciliación:
  - Fotocopia do DNI do/a pai/nai ou titor-a legal.
  - Tarxeta da Seguridade Social do neno/a
  - Libro de familia ou certificado de nacemento

O Concello comprobará de oficio o empadramento dos participantes e dos seus proxenitores.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

## 5. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes será dende o ~~12 ao~~ 12 ao 17 de xuño.

As solicitudes deberanse presentar presencialmente no rexistro do Concello ou a través da sede electrónica, [cortegada.sedelectronica.es](https://cortegada.sedelectronica.es).

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 1 día hábil, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

Haberá un máximo de 30 prazas por quenda. A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos segundo o seguinte orde de preferencia:

1. ALUMNOS/AS DO CEIP OTERO NOVAS NO CURSO 2024-2025
2. MENORES NACIDOS NOS ANOS 2013 A 2021, EMPADRONADOS/AS EN CORTEGADA CON POLO MENOS UN DOS SEUS PROXENITORES OU TITOR LEGAL.
3. MENORES NACIDOS NOS ANOS 2009 A 2012, EMPADRONADOS/AS EN CORTEGADA CON POLO MENOS UN DOS SEUS PROXENITORES OU TITOR LEGAL.
4. UNIDADES FAMILIARES NAS QUE EXISTAN OUTRAS CARGAS RELACIONADAS COS COIDADOS.



## 5. FAMILIAS MONOPARENTAIS.

## 6. PROXENITORA VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

No suposto de empate, estarase según a orde de presentación da solicitude.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no suposto de existir algunha solicitude posterior, sempre que existan prazas vacantes, adxudicaranse seguindo a orde de presentación da solicitude.

No caso de que se cubriran a totalidade das prazas, elaborárase unha lista de agarde, onde se utilizarán os mesmos criterios de prioridade que no prazo ordinario.

Asemade, durante a realización do campamento, se algún dos adxudicatarios comunica a non asistencia durante un período de prazo determinado ao campamento, esta praza poderá ser atribuída durante ese período ao seguinte da lista de reserva.

O adxudicatario deberá abonar a mensuralidade completa, independentemente dos días que asista.

## 6. Prezo

O prezo será o seguinte: 25 euros/quenda

No caso do segundo ou máis irmás: faráselle un desconto do 25% a partires do segundo.

No caso de unidades familiares con ingresos inferiores ao SMI, aplicaráselle un desconto na taxa do 10%.

O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Cortegada unha vez confirmada a admisión do participante. No caso de non formalizar o pagamento no tempo e forma indicados producirase a baixa no programa.

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente non puidese asistir á actividade por causa medica, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito cun informe medico e solicite a devolución da cantidade aboada, antes do inicio da actividade.

## 7. Publicación da listaxe de admitidos/as no servizo.

A listaxe de admitidos/as publicarase no taboleiro de anuncios do Concello.

Os admitidos deberán realizar o pago das taxas na data que figure na resolución e entregar o xustificante no concello.



En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as accederán ao campamento seguindo a orden a que figure na lista.

## 8. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia do beneficiario/a
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

## 9. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Cortegada coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As listaxes de admitidos/as publicaranse no taboleiro de anuncios.

## 10. Responsable do tratamento.

O Concello de Cortegada é o responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que vostede facilite nesta ficha, pode pórse en contacto co Concello na dirección R/ Otero Novas Nº1, 32200 Cortegada (Ourense) e no e-mail: [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com)

En virtude da súa natureza de entidade pública, o Concello de Cortegada ten designado un Delegado de Protección de Datos, co que pode pórse en contacto a través de la dirección de correo electrónico [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com)

### Fin do tratamento e base xurídica

A finalidade do tratamento dos datos é o cumprimento das competencias do Concello para a xestión das actividades, de conformidade co disposto na súa normativa e en concreto nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral Contra a Violencia de Xénero.

Poderán tomarse imaxes e/ou vídeos das actividades para dar publicidade ás mesmas nos medios de comunicación, redes sociais e páxina web do concello.



## **Destinatarios dos datos.**

Os datos serán cedidos a Vicepresidencia e Consellería de Política Social e Igualdade para a xustificación da subvención. Así como as imaxes tomadas durante as actividades.

Tamén se cederán á empresa adjudicataria de execución do contrato de servizo.

## **Prazo de conservación.**

Os datos se conservarán mentres se manteña a prestación do servizo e posteriormente, para dar resposta a posibles esixencias de responsabilidade derivada do servizo e para dar cumprimento as obrigas de arquivo ou rexistro público.

## **Dereitos do interesado.**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se o Concello está a tratar datos persoais que o concirnan.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder a os seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fines para os que foron recollidos.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en tal caso, soamente conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados con a súa situación particular, os interesados poderán oporse ó tratamento dos seus datos. En caso de que proceda, o Concello deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos como o cumprimento das funcións ou obrigacións legalmente establecidas, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións

Cando o tratamento estea baseado no consentimento do interesado, este ten o dereito a retirar o consentimento en calquera momento.

No caso de que o interesado estime que non se está a facer un tratamento adecuado dos seus datos, pode presentar unha reclamación ante o Delegado de Protección de Datos designado o ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

## **Necesidade de facilitar a información**

Os datos solicitados para a tramitación da solicitude resultan necesarios para a comprobación do cumprimento polo solicitante dos requisitos establecidos e a correcta prestación do servizo, se o solicitante non facilita estes datos podería ver rexeitada a súa solicitude.

## **10. Publicidade das bases**

As presentes bases serán publicadas na sede electrónica do Concello de Cortegada.



A participación na actividade suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases. O Concello de Cortegada resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar para o correcto funcionamento do servizo.

En Cortegada (Ourense), na data de sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo: Avelino Luis De Francisco Martínez

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE AO MARXE**

